

NOTA DE PRENSA

Un total de 11 espectáculos convértense en finalistas dos XVIII Premios María Casares de Teatro

"Eurozone", con doce candidaturas; 'O home almofada', con seis; e 'As do peixe' e 'Bye, Bye Honey', con cinco, son as montaxes con maior número de nomeamentos nos galardóns organizados pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia

O Teatro Rosalía Castro da Coruña acollerá o xoves 27 de marzo a cerimonia de entrega dos premios escénicos de Galicia

6 de marzo de 2014- A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) vén de anunciar os nomes dos finalistas aos XVIII Premios María Casares, a gran festa da escena do país que se celebrará o próximo 27 de marzo, coincidindo co Día Mundial do Teatro, no Teatro Rosalía Castro da Coruña. Os finalistas déronse a coñecer nunha rolda de prensa que se celebrou esta mañá na sede do Consello da Cultura Galega e na que participaron Avelino González, en calidade de presidente da AAAG; Vicky Pérez, vicepresidenta, Guillermo Carbajo, secretario da AAAG e Vicente de Souza, vogal da asociación.

En total, 11 espectáculos conseguiron finalmente algún nomeamento nas trece categorías coas que contan os galardóns. Durante o prazo de inscrición aos María Casares, 26 montaxes e 240 profesionais presentaron as súas candidaturas aos trece apartados dos premios: mellor maquillaxe, mellor vestuario, mellor iluminación, mellor música orixinal, mellor adaptación-tradución, mellor texto orixinal, mellor escenografía, mellor actriz secundaria, mellor actor secundario, mellor actriz protagonista, mellor actor protagonista, mellor dirección e mellor espectáculo.

Eurozone, de Chévere, convértese na produción con maior número de finalistas, ao obter un total de 12 nomeamentos, incluíndo ao mellor espectáculo e á dirección. **O home almofada**, de ilMaquinario Teatro, aspira a 6 galardóns, entre eles o de dirección e mais o de espectáculo. **Bye, Bye Honey**, de Obras Públicas e Abrapalabra, e **As do peixe**, de Abrapalabra, aspiran ao premio en 5 categorías. Estas dúas obras tamén optan ao mellor espectáculo.

Waltz, de Voadora, sitúase como finalista en 4 apartados, mentres que **A charca inútil**, de Teatro do Atlántico, competirá por 3 María Casares. Os espectáculos **C'est la vie**, de Matrioshka Teatro; **BailadElas**, de Teatro Antroido; **Criaturas**, de Teatro do Aquí; **As mil vidas de Matías Housamen**, de Teatro de Adro, e **Gaiotas subterráneas**, de RTA-Voz Audiovisual-Talía Teatro, aspiran a 1 galardón.

Cada espectáculo aspira aos premio nas seguintes categorías:

1. EUROZONE: *Mellor maquillaxe, mellor vestuario, mellor iluminación, texto orixinal, mellor escenografía, mellor actriz secundaria por partida tripla (Arantza Villar, Mónica García, Patricia de Lorenzo), mellor actor secundario por partida dupla (Manuel Cortés e Iván Marcos), mellor dirección e mellor espectáculo.*

2. **O home almofada:** *mellor iluminación, mellor adaptación-tradución, mellor escenografía, mellor actor protagonista, mellor dirección e mellor espectáculo.*
3. **As do peixe:** *mellor vestuario, mellor texto orixinal, mellor actriz protagonista, dirección e espectáculo.*
4. **Bye Bye honey:** *Mellor música orixinal, mellor texto orixinal, mellor actor secundario, mellor actriz protagonista e mellor espectáculo*
5. **Waltz:** *Mellor maquillaxe, mellor vestuario, mellor música orixinal e mellor escenografía.*
6. **A charca inútil:** *Mellor iluminación, mellor música orixinal e mellor adaptación-tradución*
7. **Criaturas:** *Mellor actriz protagonista*
8. **C'est la vie:** *mellor maquillaxe.*
9. **BailadELAS:** *mellor adaptación-tradución.*
10. **Gaivotas Subterráneas:** *Mellor actor protagonista*
11. **As mil vidas de Matías Houseman:** *Mellor actor protagonista.*

Avelino González puxo en valor o traballo da Asociación de Actores e Actrices de Galicia no eido do desenvolvemento do sector e do afianzamento dos dereitos profesionais e destacou a importancia dos premios María Casares, que chega este ano a súa 18ª edición. Pola súa banda, Guillermo Carbajo explicou que, malia as circunstancias que vive todo o sector cultural, os profesionais e as compañías seguen a traballar para ofrecerlle ao público un teatro propio e de calidade. Finalmente, Vicente de Souza e Vicky Pérez deron a coñecer as once montaxes nomeadas e os finalistas en cada categoría.

A cerimonia dos XVIII Premio María Casares celebrarase na noite do 27 de marzo, Día Mundial do Teatro, no Teatro Rosalía Castro da Coruña. Os galardóns do teatro galego, organizados pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG), contan coa colaboración, entre outras institucións, a Axencia Galega das Industrias Culturais (Agadic), o Concello da Coruña, o Padroado de Cultura do Concello de Narón, a Fundación AIGSE ou a Fundación SGAE.

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia e os Premios María Casares

A Asociación de Actores e Actrices de Galicia (AAAG) é unha entidade sen ánimo de lucro que agrupa na actualidade a 300 profesionais do audiovisual e das artes escénicas de Galicia. A súa misión é articular, desenvolver e promocionar o sector, en especial a través da elevación técnica e a mellora laboral dos seus profesionais, acorde coas máis modernas políticas culturais. O colectivo asume tamén o obxectivo de fomentar a demanda cultural e a captación de público.

Os Premios de Teatro María Casares, de periodicidade anual, foron creados pola Asociación de Actores e Actrices de Galicia no ano 1997 co obxectivo de servir de estímulo e recoñecemento ao labor desenvolvido pola profesión teatral galega, enchendo o oco baleiro existente neste eido.

Os galardóns constan de trece categorías ou apartados representativos do traballo realizado, tanto diante como detrás do pano, ademais do Premio de Honra Marisa Soto, que recoñece a traxectoria profesional do galardoado/a. A Xunta Directiva da AAAG é a encargada de outorgar o citado galardón.

Aspiran aos Premios María Casares de Teatro todas as producións teatrais realizadas que foran estreadas en Galicia entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro do ano anterior á súa concesión, así como todos os profesionais que participaron nas citadas montaxes, durante ese período de tempo.

O portal da Asociación é www.aaag.es

NOMEADOS XVIII PREMIOS MARÍA CASARES

MELLOR MAQUILLAXE		
Nomeado/a	Espectáculo	Compañía
Fany Bello	Eurozone	Chévere
Fany Bello	Waltz	Voadora
Trini F. Silva	C'est la vie	Matrioshka Teatro

MELLOR VESTIARIO		
Nomeado/a	Espectáculo	Compañía
Carlos Alonso	As do peixe	Abrapalabra Creacións Escénicas
Chévere	Eurozone	Chévere
Uxía P. Vaello	Waltz	Voadora

MELLOR ILUMINACIÓN		
Nomeado/a	Espectáculo	Compañía
Fidel Vázquez	Eurozone	Chévere
Tito Asorey	O Home Almofada	ilMaquinario Teatro
Xúlio Lago	A charca inútil	Teatro do Atlántico

MELLOR MÚSICA ORIXINAL		
Nomeado/a	Espectáculo	Compañía
José Díaz e Hugo Torres	Waltz	Voadora
Carlos Mosquera 'Mos'	Bye Bye Honey	Obras Públicas-Abrapalabra
Anxo Graña	A charca inútil	Teatro do Atlántico

MELLOR ADAPTACIÓN-TRADUCIÓN		
Nomeado/a	Espectáculo	Compañía
Manuel Vieites/Tito Asorey	O Home Almofada	ilMaquinario Teatro
Roi Vidal	BailadELAS, mulleres bolañesas	Teatro Antroido
Xosé Manuel Pazos Varela	A charca inútil	Teatro do Atlántico

MELLOR TEXTO ORIXINAL		
Nomeado/a	Espectáculo	Compañía
Cándido Pazó	As do peixe	Abrapalabra Creacións Escénicas
José Prieto	Bye Bye Honey	Obras Públicas-Abrapalabra
Manuel Cortés	Eurozone	Chévere

MELLOR ESCENOGRAFÍA		
Nomeado/a	Espectáculo	Compañía
Chévere-Javier Domingo Ballestín	Eurozone	Chévere
Luís Iglesias 'Luchi'	O home almofada	ilMaquinario Teatro
Marta Pazos	Waltz	Voadora

MELLOR ACTRIZ SECUNDARIA		
Nomeada	Espectáculo	Compañía
Arantza Villar	Eurozone	Chévere
Patricia de Lorenzo	Eurozone	Chévere
Mónica García	Eurozone	Chévere

MELLOR ACTOR SECUNDARIO		
Nomeado	Espectáculo	Compañía
César Goldi	Bye Bye Honey	Obras Públicas-Abrapalabra
Iván Marcos	Eurozone	Chévere
Manuel Cortés	Eurozone	Chévere

MELLOR ACTRIZ PROTAGONISTA		
Nomeada	Espectáculo	Compañía
Belén Constenla	Criaturas	Teatro do Aquí
Iolanda Muíños	Bye Bye Honey	Obras Públicas-Abrapalabra
Susana Dans	As do peixe	Abrapalabra Creacións Escénicas

MELLOR ACTOR PROTAGONISTA		
Nomeado	Espectáculo	Compañía
Fran Lareu	O home almofada	ilMaquinario Teatro
Josito Porto	As mil vidas de Matías Houseman	Teatro de Adro
Xabier Deive	Gaivotas subterráneas	RTA-Voz Audiovisual-Talía Teatro

MELLOR DIRECCIÓN		
Nomeado/a	Espectáculo	Compañía
Xron (Xesús Ron)	Eurozone	Chévere
Tito Asorey	O home almofada	ilMaquinario Teatro
Cristina Domínguez	As do peixe	Abrapalabra

MELLOR ESPECTÁCULO	
Nomeado	Espectáculo
As do peixe	Abrapalabra Creacións Escénicas
Eurozone	Chévere
Bye bye Honey	Obras Públicas-Abrapalabra
O home almofada	ilMaquinario Teatro

BREVE SINOPSE DOS ESPECTÁCULOS QUE LOGRARON NOMEACIÓNS

(Entre paréntese, o número de nomeados)

1. Eurozone (12): *Eurozone* é unha farsa de Chévere sobre a crise da zona euro, sobre o fin da idea de Europa tal e como a entenderamos ata agora, sobre un sistema democrático deslexitimado que só conta coa cidadanía para ir votar cada certo tempo. Trátase dun achegamento ao gran atraco especulativo ao máis puro estilo Tarantino e co referente directo de *Reservoir Dogs*. Establece un diálogo entre a peza, a película de Tarantino, o espectador, os mandatarios da Unión e as posibles causas da actual situación de urxencia social. Todo acontece nun casino abandonado, a medio construír, un trasunto de Eurovegas onde se reúnen os ideólogos dunha gran estafa.

Nomeados: Mellor maquillaxe, mellor vestuario, mellor iluminación, texto orixinal, mellor escenografía, mellor actriz secundaria por partida tripla (Arantza Villar, Mónica García, Patricia de Lorenzo), mellor actor secundario por partida dupla (Manuel Cortés e Iván Marcos), mellor dirección e mellor espectáculo

2. O home almofada (6): Este *thriller* escénico de ilMaquinario convídanos a un país totalitario sen nome onde Katurian, unha escritora de macabros contos infantís, está sendo interrogada por unha parella de policía a causa da aparición dunha serie de cadáveres de nenos. O *modus operandi* do suxeito que leva a cabo os crimes é sospeitosamente similar ao que ela describe nalgún dos seus relatos. Ela loita por defender a súa inocencia. Todo cambia cando descobre que na cela contigua está presa a súa irmá, que padece un forte trastorno psicolóxico orixinado polos malos tratos que sufriu sendo nena.

Nomeados: mellor iluminación, mellor adaptación, mellor escenografía, mellor actor protagonista, mellor dirección e mellor espectáculo.

3. As do peixe (5): Abrapalabra leva a escena un texto orixinal de Cándido Pazó, quen esmiúza na obra a vida das traballadoras das conserveiras tomando como base as entrevistas desenvolvidas polas propias actrices dirixidas por Cristina Domínguez. Catro mulleres, Conchi, Begoña, Lisa e Tere, reúnen nun espazo público dedicado á memoria das conserveiras. Aquí tratan de rememorar o seu pasado laboral, despois de que a fábrica de conservas máis importante da vila cerrara. Móstrase unha realidade deste mundo: o derrubamento dunha economía e as maneiras de vivir de moitas mulleres das localidades mariñeiras. Teatro con conciencia, teatro moi real.

Nomeados: mellor vestuario, mellor texto orixinal, mellor actriz protagonista, mellor dirección e espectáculo.

4. Bye Bye Honey (5): Obras Públicas e Abrapalabra tráenos este espectáculo de teatro musical de clase baixa, denominado así pola contorna social en que se desenvolve a historia. É unha produción dura, ácida e descarnada, como o lugar onde está ambientada e como a vida dos personaxes, mais no espectáculo tamén hai espazo para o humor, o amor e, por suposto, para as cancións que se interpretan en directo. Cóntase a historia de Marta, unha moza de barrio, que non é un anxo nin un demo e que cando decide deixar a súa casa emprende un camiño incerto e perigoso, arrodada de “lumpen, pachanga e rock’n roll”.

Nomeados: Mellor música orixinal, mellor texto orixinal, mellor actor secundario, mellor actriz protagonista e mellor espectáculo

5. Waltz (4): Voadora ofrécenos nesta peza un conto que fala do amor e do desamor, dos namoramentos e das rupturas, da vida compartida e da memoria. En *Waltz*, a vida é un salón de baile onde imos cambiando de parellas: hainas que che pisan os pés, outras agárrante con forza polo van, a algunhas súdanlles as mans e con outras bailarías para a eternidade. O amor sempre está moi presente nas producións de Voadora, mais nesta ocasión a compañía lánzase a traballar integramente sobre el dedicándolle un espectáculo no que se diseccionan sentimentos, emocións e sensacións estremas.

Nomeados: *Mellor maquillaxe, mellor vestuario, mellor música orixinal e mellor escenografía.*

6. A charca inútil (3): Dirixida por Xúlio Lago, Teatro do Atlántico escolle a obra *A Charca inútil* para recoller unha serie de personaxes atormentadores que deambulan por un mundo de desamparo e medo, vítimas dun entorno opresivo, dunha sociedade que remove a dor allea. Uns personaxes que se refuxian da loucura para manterse coherentes. É tamén unha historia de amor, na que as accións son moito máis importantes cás palabras e na que o que se intúe é moito máis relevante que o que se percibe. Fala tamén do medo e da morte. A peor das mortes? A morte dun neno. A morte no despuntar da vida e a dor dunha nai. Esta é, polo tanto, unha historia de soidade e misterio na que hai quen quere ver un lugar para a esperanza, pois fala, principalmente, da procura da felicidade.

Nomeados: *Mellor iluminación, mellor música orixinal e mellor adaptación-tradución.*

7. Criaturas (1): Antes de illarse da civilización e perderse nas inmensidades polares, Frankenstein achégase ao noso presente para observalo por derradeira vez. Toparase con personaxes anónimos, cotiás, cos que nos cruzamos cada día á volta da esquina ou na cola do supermercado e cos que nos relacionamos con total naturalidade. Distintas e curiosas criaturas cuxas vidas serán vistas polo monstro con estupor. Trátase dunha viaxe escrita con humor e ironía do autor homenaxeado coas Letras Galegas 2013. Volve Teatro do Aquí, volve a compañía de Vidal Bolaño cuxo obxectivo é retratar o hoxe e o aquí. Volve Teatro do Aquí e recupera este texto de Roberto Vidal Bolaño.

Nomeados: *Mellor actriz protagonista*

8. Gaiotas subterráneas (1): Con texto de Alfonso Vallejo e coa dirección de Artur Trillo, *Gaiotas subterráneas* crea unha inquietante atmosfera ao redor da relación de dous vellos amigos. Nino traballa nunha empresa de seguros. Busca a Mario -músico e amigo da infancia- para convencelo de que lle axude para cobrar o seguro de vida. Nino atopou un morto coas súas mesmas características físicas. Só hai que sentalo no coche de Nino. O vehículo sufrirá un accidente. A muller de Nino cobrará o seguro. Nino gozará dos cartos cunha nova identidade. É un plan perfecto. Ou case.

Nomeadas: *Mellor actor protagonista*

9. BailadELAS. Mulleres Bolañesas (1): No Ano das Letras Galegas dedicadas a Vidal Bolaño, rexorde Teatro Antroido con esta peza protagonizada por Laura Ponte na que a actriz encarna diversos personaxes femininos da obra do dramaturgo para crear un único espectáculo cuxa adaptación corre a cargo de Roi Vidal. *BailadELas* é un baile entre a vida e a morte, o ser ou non ser dunha arte, o teatro, capaz de insuflar alento de vida a quen non ten ese privilexio.

Nomeado: *Mellor adaptación-tradución.*

10. C'est la vie (1): Matrioskha Teatro achéganos unha peza diferente con tres mulleres en escena: Anabell Gago, Lorena Conde e Chelo do Rejo. Trátase dunha reflexión intensa e caleidoscópica sobre o tempo e os seus rastros. Téndese aquí uns fíos entre a sorpresa de se recoñecer nese segundo que nos cambia a vida e a excitación de comprender que as horas se aceleran proporcionalmente á velocidade do corazón.

Nomeada: Mellor maquillaxe.

11. As mil vidas de Matías Houseman (1). Neste monólogo traxicómico, Josito Porto interpreta a curiosa e polifacética vida de Matías Houseman, dende a súa adolescencia até a súa vellez. É dicir, durante pouco máis dunha hora recrea unha existencia de máis de sesenta anos nos que Matías transita continuamente de profesión en profesión. Houseman chega a ser estrela da música, futbolista de primeira división, actor de teatro, mafioso, líder espiritual e mesmo presidente do Goberno, entre outras moitas actividades que realiza mentres os anos pasan e vai moldeando a súa complexa personalidade. É dicir, vive mil vidas mais esquecese de vivir a máis importante: a súa.

Nomeada: Mellor actor protagonista.